

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres



Unha de vítimas

María Canosa

El chámase Rafiq Naunari, ela, non se sabe. Tan só transcendeu que é unha nena de oito anos, que foi raptada cando ía camiño da escola.

El cometeu unha violación a unha menor, e ela foi a vítima.

El foi xulgado por unha corte tribal do seu lugar paquistaní, ela resignarase a cargar o resto da vida con tal aldraxe.

El foi absolto, pero a súa muller, ela outra vez, foi condenada a pagar o delito do seu cónxuxe. Sería entregada ao pai da nena, Nawaz, se non fose porque logrou fuxir antes de executarse a sentenza.

El e elas. Tan diferentes!

El, o infractor, e elas, sempre as vítimas, sexa por sufrir a agresión de primeira man ou ben por enmedar a culpa do outro.

Elas... Elas son moitas neste caso e en tantos outros. A nena violada a primeira, as sobriñas de Rafiq en segundo lugar, pois antes que a propia muller, foron ofrecidas en matrimonio ao pai da nena, quen as rexeitou. E en último lugar, a muller do transgresor. Todas mulleres, pagando culpas alleas.

A policía de Multán Mirza Muhammad Ali escúdase en que nin a familia da meniña nin a do violador denunciaron o caso ante as autoridades, e que, polo tanto, a sentenza tan só se basea na interpretación da tradición, e non nas leis da xustiza.

Sempre está ben coñecer e respectar os costumes e a cultura dos demais, pero casos coma este producen un revulsivo, porque amargan e feren no corazón.

Claro que, coñecendo algunha das sentenzas de países desenvolvidos, onde non hai condenas exemplares, senón que a maioría delas se suavizan por “bo comportamento” (excelente se cabe) dos presos... pois tampouco teñen moito que envexar, nin nós moito que dicir, non?